

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15018148	CPI de Atios	Valdoviño	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Ciencias da Natureza	3º Pri.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	10
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	11
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

Esta programación está destinada á área de Ciencias Naturais do 3º curso de Educación Primaria no CPI de Atios. Basearémonos na lexislación vixente para establecer os procesos de ensinanza-aprendizaxe para o curso 2023-2024.

A área de Ciencias da Natureza está concebida como un ámbito no que os nenos e as nenas de terceiro de primaria deben adquirir os coñecementos esenciais e os principios básicos en relación ao medio natural co obxectivo de acadar un mundo máis solidario, igualitari o e sustentable.

O 3º nivel de EP no CPI de Atios está composto por 45 alumnos e alumnas, dos cales 23 pertencen a 3ºA e 22 a 3ºB, con diversas características e necesidades que teremos en conta para elaborar a presente programación.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural.	1-2-3		2-4	1-2		4		
OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social.			5		1-2-3	3		
OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable.			1-2-4-5	1		4	1	1
OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta.	5		2-5		4	1-3-4	1	
OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo.	3		4	1-2-3-4-5				4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas.			3-4	5	3-4-5		1-3	4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Materiais, forzas e enerxía ao longo da historia	No transcurso desta unidade o alumnado coñecerá os principais materiais empregados polos seres humanos ao longo da historia, as máquinas empregadas e as fontes de enerxía para movelas	28	30	X		
2	Flora e fauna.	No transcurso desta unidade didáctica o alumnado coñecerá os contidos do bloque 2: a vida no planeta, facendo fincapé no coñecemento da súa flora e fauna, e os problemas ambientais que os aqueixan.	29	30		X	X
3	A era dixital: viaxes ao espacio e ordenadores para todo	No transcurso desta unidade didáctica pretendemos abordar os contidos correspondentes ao bloque 4: tecnoloxía e dixitalización, pero relacionándoos coas viaxes espaciais	28	30			X
4	Cultura científica	Esta unidade didáctica vai recoller os contidos do bloque 1 do currículo de xeito que poidan ser traballados ao longo de todo o curso escolar, ao tempo que o resto das unidades didácticas desta programación	15	15	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Materiais, forzas e enerxía ao longo da historia	30

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Coñecer diferentes formas e fontes de enerxía, identificando os seus usos na vida cotiá.	Coñecer polo menos a metade das fontes de enerxía explicadas na clase e relacionalas coa vida cotiá de cada alumno	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Participar de xeito habitual nas explicacións da clase	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Participar nos traballos de investigación plantexadas na aula e coñecer polo menos a metade do vocabulario saído desas investigacións		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Seguir todas as instrucións dadas para a realización dun experimento e facer un rexistro mínimo dos datos dun experimento		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Entender polo menos a metade dos datos a comunicar e participar nas actividades relacionadas coa comunicación deses datos		
CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Identificar as características e propiedades de polo menos a metade dos elementos do medio natural traballados na clase		
CA3.3 - Recoñecer a través de pequenas investigacións diferentes formas de produción da calor e dos seus efectos sobre os corpos.	Recoñecer polo menos a metade das formas de calor traballadas na clase e enumerar alomenos un efecto desa forma de calor.		
CA3.4 - Analizar os efectos das forzas sobre determinados obxectos de uso común, realizando experiencias sinxelas e pequenas investigacións con máquinas e aparellos.	Coñecer alomenos a metade das máquinas que traballemos na clase		
CA3.5 - Identificar problemas ecosociais, propoñer posibles solucións e poñer en práctica hábitos de vida sustentable, recoñecendo comportamentos respectuosos de coidado e protección da contorna e uso sustentable dos recursos naturais, e expresando os cambios positivos e negativos causados no medio pola acción humana.	Ser quen de enumerar alomenos tres problemas ambientais da nosa contorna, e observar alomenos un cambio no comportamento ambiental do neno/a dentro da aula		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Identificación dos estados nos que se presenta a materia na nosa contorna. Cambios de estado da auga. - Fontes de enerxía renovables e non renovables. - A calor e as súas formas de produción. Cambios de estado e instrumentos de medida. Efectos da calor sobre a materia a través da experimentación. - Propiedades das máquinas simples, a súa observación e manipulación. Aplicacións e usos na vida cotiá. - Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Impacto ambiental: contaminación e residuos.

UD	Título da UD	Duración
2	Flora e fauna.	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Identificar conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel.	Ser quen de identificar polo menos a metade das conexións entre os elementos naturais que se inclúan na proba escrita.	PE	50
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Participar habitualmente nas explicacións da clase.	TI	50
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Ser quen de buscar no índice dun libre a información relevante sobre un tema e aprender un mínimo de tres palabras novas relacionadas con esa investigación		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Seguir todos os pasos dun experimento e de rexistrar os datos máis importantes dun experimento.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Comprender e ser quen de comunicar oralmente e por escrito dunha investigación realizada en solitario ou en equipo.		
CA2.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación, utilizando as ferramentas e procesos adecuados.	Aprender e entender polo menos a metade das características e propiedades dun elemento do medio natural traballado na clase		
CA2.3 - Coñecer e protexer o medio natural, valorándoo como un ben común, adoptando condutas respectuosas para o seu gozo e propoñendo accións para a súa conservación e mellora.	Observar alomenos un cambio na conducta ambiental dun alumno da clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente.
- Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).
- Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada. Utilización de claves e guías para clasificar e identificar os diferentes reinos a través das súas características observables.
- Características e clasificación de animais vertebrados e invertebrados. Observación e comparación das diversas formas nas que realizan as funcións vitais.
- Clasificación das plantas a través das súas características observables. Análise, a través da experimentación, da súa capacidade de adaptación ao medio no que viven e realizan as funcións vitais.
- Identificación dun ecosistema e dos elementos que o compoñen. Observación dun ecosistema próximo recollendo datos en diferentes soportes e elaborando hipóteses de forma guiada.
- Relación do ser humano cos ecosistemas. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e das súas consecuencias.
- Valoración da biodiversidade e importancia da súa conservación. Respecto polos seres vivos da contorna. Animais en perigo de extinción.

UD	Título da UD	Duración
3	A era dixital: viaxes ao espacio e ordenadores para todo	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.4 - Resolver, de forma guiada, problemas sinxelos de programación, modificando algoritmos de acordo con principios básicos do pensamento computacional.	Resolver alomenos a metade dos problemas da proba escrita.	PE	40
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Participar habitualmente nas explicacións realizadas na clase.	TI	60
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Ser quen de buscar no índice dun libro, na aula virtual ou en Google información relavante sobre un tema, e aprender alomenos tres palabras novas relacionadas con ese tema.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Ser quen de seguir todos os pasos dun experimento e de facer un rexistro axeitado dos datos recollidos nunha observación ou medición.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Ser quen de comunicar oralmente e por escrito cando menos unha parte dos datos obtidos nunha investigación.		
CA4.1 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura e de acordo coas necesidades do contexto educativo, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual e en equipo, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos.	Ser quen de acender un ordenador para buscar a aula virtual e acceder a google en busca dunha información.		
CA4.2 - Construír en equipo un produto final sinxelo que dea solución a un problema de deseño, propoñendo posibles solucións, probando diferentes prototipos e utilizando de forma segura as ferramentas, técnicas e materiais adecuados.	Participar aportando algunha idea ao equipo e na toma de decisións do equipo		
CA4.3 - Presentar o produto final dos proxectos de deseño en diferentes formatos explicando os pasos seguidos.	Ser quen de explicar oralmente ou por escrito o resultado dun proxecto.		
CA4.5 - Participar en diversas tarefas en equipo, desenvolvendo distintos roles que favorezan o obxectivo final dun proxecto respectando as normas básicas de convivencia.	Ser quen de levar a cabo a tarefa encomendada		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da observación e formulación de hipóteses. - Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións. - Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo. - Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico. - Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados. - Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Procuras guiadas de información seguras e eficientes en Internet. - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para comunicar información (título, formato, edición, gardar arquivo e compartir a través de plataformas dixitais).

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coñecemento das regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, acceso a contidos inadecuados, publicidade e mensaxes non desexadas?) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Identificación e selección dos materiais, ferramentas e obxectos adecuados para a elaboración dun proxecto. - Fases dos proxectos de deseño: identificación de necesidades, deseño, prototipado e proba, avaliación e comunicación. - Iniciación á programación. Recursos dixitais (plataformas dixitais de iniciación á programación, aplicacións de programación por bloques, robótica educativa...). - Vocabulario básico do ámbito tecnolóxico. - Técnicas cooperativas sinxelas para o traballo en equipo, estratexias para a xestión de conflitos e promoción de condutas empáticas e inclusivas.

UD	Título da UD	Duración
4	Cultura científica	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre obxectos, feitos e fenómenos do medio natural a través da observación.	Participar habitualmente nas explicacións da clase.	TI	100
CA1.2 - Buscar e seleccionar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural.	Ser quen de buscar no índice dun libro, na aula virtual ou nun texto de internet, información relevante sobre un tema, e aprender alomenos tres palabras novas en cada investigación plantexada na aula.		
CA1.3 - Realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e instrumentos de forma segura, realizando observacións e medicións precisas, rexistrando os datos correctamente.	Ser quen de seguir todos os pasos de un experimento e recoller por escrito os datos dunha observación ou medición.		
CA1.4 - Comunicar os resultados das investigacións a través de diferentes formatos, comparando os resultados obtidos coas predicións realizadas.	Ser quen de comunicar oralmente ou por escrito os principais achazgos dunha investigación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A importancia do uso da ciencia e da tecnoloxía para axudar a comprender as causas das propias accións, tomar decisións razoadas e realizar tarefas de forma máis eficiente. - Fomento da curiosidade, a iniciativa e a constancia na realización das diferentes investigacións a través da

Contidos

- observación e formulación de hipóteses.
- Vocabulario científico básico relacionado coas diferentes investigacións.
- Procedementos de indagación adecuados ás necesidades da investigación, identificación e clasificación da información relevante, de maneira individual ou en equipo.
- Realización de experimentos, de maneira individual ou en equipo, utilizando o método científico.
- Uso de instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación, rexistrando os seus resultados.
- Comunicación guiada dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais).

4.1. Concrecións metodolóxicas

Potenciarase un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais traballaranse na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

As estruturas de aprendizaxe tradicional e cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Aplicaranse diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como, por exemplo, a libreta, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas.

Utilizaranse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libros da biblioteca de aula
Libros da biblioteca do centro
Libros aportados polas familias
Mapas
Globo terráqueo
Material de laboratorio
Ordenador

Canón
Fichas de traballo elaboradas polos mestres
Revistas, xornais,...
Pósters
Xogos
Mostras de rochas e minerais, coleccións de insectos, reproducións de animais, ...

En cada clase existe unha pequena selección de libros de lectura e consulta que serán a primeira referencia para os alumnos/as á hora de inciar un novo traballo. Ademais destes, os libros da biblioteca do centro e os libros que poidan aportar as familias sobre o tema do traballo, van ser fundamentais nos procesos de investigación que acompañan a cada un dos traballos de aula. Xunto á información dos libros, na aula contaremos coa información que nos poida vir de internet, sobre todo de vídeos que as titoras irán colgando na aula virtual segundo se vaia avanzando nos traballos, pero tamén de páxinas web adaptadas aos alumnos de terceiro.

Os pósters que poidan ilustrar cada un dos temas investigados, os xogos que poidamos ter na aula relacionados cos temas de investigación (puzles de animais ou plantas, memoris que relacionen imaxes e vocabulario, xogos sobre reciclaxe e consumo responsable,...), todo tipo de materiais de laboratorio (dende coleccións de minerais ata reproducións de animais e por suposto lupas binoculares, placas petri, pinzas,) sen dúbida poden contribuír moito ao desenvolvemento das actividades plantexadas no transcurso dos traballos.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Xa nos primeiros días de setembro, os mestres de cada materia e sobre todo os titores, deberán adicar un tempo a recopilar información sobre os novos alumnos, a través do estudo das follas de matrícula e os expedientes, falando cos titores do curso anterior ou mediante reunións mantidas co Departamento de Orientación,

Ademais, en cada nivel, durante o mes de setembro e tal e como regula a lexislación vixente, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de establecer o nivel de competencia curricular e de desempeño de cada neno/a. Dita avaliación irá encamiñada a determinar o grao de dominio dos contidos/competencias traballadas en cursos anteriores coa finalidade de axustar a programación didáctica as necesidades e características do grupo así como a deseñar e poñer en marcha todas aquelas medidas de atención a diversidade tanto ordinarias como extraordinarias que sexan precisas.

Tamén será preciso detectar intereses e motivacións de todo o alumnado así como estilos de aprendizaxe de cada neno/a. Esta información será moi valiosa á hora de desenvolver proxectos e tarefas integradas, xa que parte do éxito escolar depende en gran medida de estes factores

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	28	29	28	15	100
Proba escrita	40	50	40	0	37
Táboa de indicadores	60	50	60	100	63

Criterios de cualificación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa na avaliación da área de Ciencias Naturais serán os criterios de avaliación que figuran no novo proxecto de decreto do 15 de setembro polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na CC.AA de Galicia.

A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde una formulación integradora.

O profesorado utilizará procedementos de avaliación variados para facilitar a avaliación do alumnado como parte integral do proceso de ensino e aprendizaxe, e como unha ferramenta esencial para mellorar a calidade da educación. Así mesmo, incorporaranse estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coevaluación. Estes modelos de avaliación favorecen a aprendizaxe desde a reflexión e valoración do alumnado sobre as súas propias dificultades e fortalezas, sobre a participación dos compañeiros/as nas actividades de tipo cooperativo e desde a colaboración co profesorado na regulación do proceso de ensino–aprendizaxe. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos/as, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

Á hora de avaliar sempre prevalecerán sobre o recollido nesta programación os acordos adoptados polos mestres do curso nas correspondentes sesións de avaliación.

Criterios de recuperación:

Tal e como se establece no Decreto de atención á diversidade, estableceranse programas específicos de reforzo para aquel alumnado que teña materias pendentes. Así mesmo, seguiranse, sempre que sexa posible, as medidas de atención á diversidade que define o mencionado Decreto:

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- f) Desdobramentos de grupos.
- g) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- h) Programas de enriquecemento curricular.
- i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- j) Programas de recuperación.
- k) Programas específicos personalizados.
- l) Programas de habilidades sociais.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade levarase a cabo no centro seguindo as indicacións do Departamento de Orientación e dacordo á nova lei de atención á diversidade recentemente publicada:

1. Na etapa da educación primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección precoz das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe co obxecto de reforzar a inclusión, asegurar o dereito a unha educación de calidade e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os mecanismos de apoio e reforzo serán tanto organizativos como curriculares e entre estes poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

2. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. As ditas medidas estarán orientadas a permitir que todo o alumnado poida alcanzar os obxectivos e as competencias clave da etapa, así como o nivel de desempeño esperado ao termo da educación primaria de acordo co perfil de saída, polo que en ningún caso poderán supoñer unha discriminación que impida a quen se beneficie delas acadar a promoción ao seguinte ciclo ou etapa.

3. A escolarización do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo, e poderán introducirse medidas de flexibilización das distintas etapas educativas, cando se considere necesario.

4. A identificación e a valoración do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizarase da forma máis temperá posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación.

5. A consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións de accesibilidade ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, os recursos de apoio que favorezan ese acceso e, de ser o caso, os procedementos oportunos cando sexa necesario realizar adaptacións que se aparten significativamente dos criterios de avaliación e dos contidos do currículo, co fin de dar resposta a este alumnado que as precise, buscando permitirle o máximo desenvolvemento posible das competencias clave.

6. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal se gundo o procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, poderá flexibilizarse conforme a normativa vixente, de forma que poida reducirse un curso a duración da etapa, cando se prevexa que esta é a medida máis adecuada para o desenvolvemento do seu equilibrio persoal e a súa socialización. Esta flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.

7. A escolarización do alumnado que se incorpore de xeito tardío ao sistema educativo, ao que se refire o artigo 78 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, realizarase atendendo ás súas circunstancias, aos seus coñecementos, á súa idade e ao seu historial académico. Cando presenten graves carencias nalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular, recibirán, nos termos establecidos pola consellería con competencias en materia de educación, unha atención específica que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización no grupo ordinario, co que com partirá o maior tempo posible do horario semanal. Quen presente un desfasamento no seu nivel de competencia curricular de dous ou máis cursos poderá ser escolarizado no curso inferior ao que lle correspondería por idade. Para este alumnado adoptaranse as medidas de reforzo necesarias que faciliten a súa integración escolar e a recuperación, de ser o caso, do seu desfasamento e que lle permitan continuar con aproveitamento a súa aprendizaxe. No caso de superar ese desfasamento, incorporaranse ao curso correspondente á súa idade.

8. Para a atención á diversidade do alumnado de educación primaria estarase ao disposto no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, así como na normativa que o desenvolve.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e de emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Todos os elementos transversais están presentes en cada unha das unidades didácticas recollidas nesta programación se ben é certo que algúns elementos teñen máis presenza que outros nun trimestre ou outro en función das efeméridas que se celebran no centro escolar ao longo do curso.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Celebracións do centro escolar	O curso de terceiro participa xunto aos outros cursos da escola nas celebracións de obrigado cumprimento que especifica o calendario escolar anual.	X	X	X
Saídas	Organizadas por nivel ou como ciclo, en función dos intereses do momento	X	X	X
Visitas á Casa da Cultura	A proximidade do centro á Casa da Cultura e a Biblioteca municipal nos fai posible visitar moitas das propostas que o concello leva a cabo neste lugar	X	X	X
Participar no proxecto do Centro	Participación no proxecto elixido polo Centro	X	X	X

Observacións:

O calendario escolar marca unha serie de festas que todos os anos celebramos nos centros escolares: o magosto, o sarnaín, o antroido e os maíos. Destas e outras datas conmemorativas fan numerosas propostas os equipos de dinamización lingüística, o quipo de actividades extraescolares e o equipo da biblioteca nas que ao longo do curso irán participando as clases de terceiro.

As viaxes e saídas culturais son propostas que realiza o nivel ou o ciclo en función dos proxectos de ciencias na maioría dos casos.

Por último, a proximidade á Casa da Cultura, a Biblioteca Municipal e o Museo do surf facilitan que poidamos achegarnos a participar en moitas das actividades alí realizadas, e incluso que dende alí organicen actividades para nós en función dos nosos intereses.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Revisión trimestral da programación didáctica
Cumprimento da temporalización
Impartición de máis do 80% da programación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Grado de participación do alumnado
Medidas de atención á diversidade
Adopción de medidas de atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportación de información ao mestre titor
Grado de implicación das familias

Descrición:

Estes indicadores serán valorados nas sesións de avaliación trimestral e poderán ser modificados se así o considera a Comisión de Coordinación Pedagóxica.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A presente programación didáctica deberá ser revisada trimestralmente nas correspondentes reunións de ciclo e nas sesións de avaliación trimestral

9. Outros apartados